



## Concello de Boiro

---

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CONVOCATORIA DE SESIÓN PLENARIA.

#### Expediente PLN/2019/3

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2.A) do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o **xoves 14 de marzo de 2019**, ás 20:00 horas a 1ª convocatoria (e, á mesma hora, dous días hábiles despois, a 2ª), no salón de plenos da Casa do Concello coa seguinte ORDE DO DÍA:

#### A) Parte resolutiva

- 1.- Aprobación da acta da sesión plenaria do 17/01/2019.
- 2.- Aprobación da acta da sesión plenaria do 07/02/2019.
- 3.- Toma de posesión do concelleiro D. Cristian Rodríguez Noya (Expte. 1486/2019).
- 4.- Proposta de Ditame para adhesión á iniciativa europea do Pacto dos Alcaldes para o clima e enerxía. (Expte: 1603/2019).
- 5.- Ditame sobre a moción do grupo municipal de Ciudadanos Boiro (NRE 12491 do 31/10/2018) relativa ao mal estado do pantalán de embarcacións profesionais en Escarabote.
- 6.- Ditame sobre a moción do grupo municipal de ICBOIRO presentada o 30/11/2018 (NRE 13629) sobre a nova apertura da emisora municipal Radio Boiro.
- 7.- Ditame sobre a moción do grupo municipal de ICBOIRO presentada o 11/12/2018 (NRE 13892) sobre a conveniencia da participación do concello na Mancomunidade de Municipios Arousa Norte.
- 8.- Ditame sobre a moción do grupo municipal de ICBOIRO (NRE 347 do 08/01/2019) relativa ás obras de recuperación do esteiro do río Coroño.
- 9.- Ditame sobre a moción do grupo municipal do PP (NRE 1830 do 14/02/2019) en relación co día internacional da muller que se celebra o 8 de marzo.
- 10.- Ditame sobre a moción do grupo municipal do BNG (NRE 1970 do 18/02/2019) para darlle cumprimento ás medidas aprobadas na Lei de Memoria Histórica.
- 11.- Ditame sobre a moción do grupo municipal do BNG (NRE 2018 o 20/02/2019) relativa á limpeza de deposicións de animais.
- 12.- Ditame sobre a moción do grupo municipal de ICBOIRO (NRE 2230 do 25/02/2019) relativa á solicitude de subvencións para a rehabilitación do pazo de Goiáns.

---

### Concello de Boiro



## Concello de Boiro

---

13.- Ditame sobre a moción do grupo municipal do BNG (NRE 2231, do 25/02/2019) relativa á mellora da zona do tanque de tormentas e arranxo do coñecido como “muelle de Chouza”.

14.- Ditame sobre a moción do grupo municipal de BOIRO NOVO (NRE 2464 do 01/03/2019) para adicar unha rúa ás mariscadoras de Boiro.

15.- Ditame sobre a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE (NRE 2477, do 01/03/2019) para o arranxo do complexo deportivo da Cachada.

16.- Ditame sobre a moción do grupo municipal do BNG (NRE 2612 do 06/03/2019) para o coidado e mantemento da Fonte do Mouro.

### **B) Actividade de control.**

**B1.-** Toma de coñecemento de resolucións da Alcaldía.

**B2.-** Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola intervención municipal así como das principais anomalías en materia de ingresos, do 4º trimestre do 2018. (Expdte: 3845/2018).

**B3.-** Toma de coñecemento do informe de intervención sobre o cumprimento da obriga de subministración da información derivada da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, do 4º trimestre 2018. (Expdte: 3845/2018)

**B.4.-** Toma de coñecemento do informe da tesourería municipal sobre o cumprimento da obriga de información trimestral relativa ó período medio de pago a provedores e o cumprimento dos prazos de pago establecidos na lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, referido ó 4º trimestre de 2018. (Expdte: 3845/2018).

### **C) Mocións de urxencia.**

### **D) Rogos e preguntas.**

█

SEGUNDO. Que se lle notifique esta resolución ós membros da corporación e se publique anuncio desta resolución no taboleiro de edictos en papel e telemático deste concello.

TERCEIRO. Desta resolución daráselle conta ó Pleno da Corporación na vindeira sesión que este órgano realice.

Boiro, na data que consta na marxe deste documento.

Documento asinado dixitalmente.

Juan José Dieste Ortigueira (alcalde).

Francisco Javier Novoa Juárez (secretario xeral)